



Enrique Bande Rodríguez

## RELIXIOSIDADE, CRENZAS E PRÁCTICAS VITAIS DO CAMPESIÑADO GALEGO (II)

### 2. Crenzas relacionadas coa curación de certas enfermidades.

A xente do rural da nosa terra pensa que as enfermidades físicas e psíquicas de animais e persoas están causadas por corpos estranos que se meten dentro dunha persoa ou dun animal, causándolle a enfermidade e pensan tamén que para curala hai que botalos fora.

#### 2.1. Crenzas relacionadas coas enfermidades das persoas.

Para expulsar as enfermidades dos nenos, lévanos a certos santuarios ou capelas, a fontes santas ou a penedos aos que

normalmente se lles dá o nome de “penedos do angaraño”, quítanlles as roupas suxas que levan postas e tíranas por riba do tellado da capela ou ermita, ou ben baixo o penedo, pónenlles roupas novas e limpas, despois de lavalos na auga da fonte santa. Lavan as roupas dos nenos, pensando que así lavan a enfermidade ou que lle quitan a enfermidade.

Varren con unha vasoira, pasan ovos pola imaxe de San Benito e despois entérranos indicando con elo que o mal pasou ao ovo que agora se pudre na terra.

Fan cruces e círculos sobre a parte da enferma, queiman

follas de laurel, van ás doce da noite ao camposanto coa criatura, dánlle fregas no ventre e nas espaldas, lévanos ás encrucilladas, fan con eles procesións até o cumio dos montes, até os ríos, até as praias.

Para curar as feridas empregan unha pedriña puntiaguda das que din que cae dos astros chamadas “pedras do raio”.

Aos nenos que choran moito lévanos as nais a San Andrés de Teixido, a San Bartolomeu de Quirogáns ou a unha fonte santa, onde lle dan un baño purificador ou pásanos por baixo de certas pedras. Para que non lles entre o mal de ollo, a nai e o neno lavan unha

bolsiña con pedazos de dentes de allo, cornos de vacaloura, figas, medallas e cruces colgadas do pescozo e meten no peto un dente de allo ou unha figa.

Curan ao queimado untándolle a ferida cun manoxo de ramas de allo molladas en aceite ou en cinsa, mesturados con viño tinto. Fan nove feixiños de palla de centeo que pasan por riba da ferida.

Curan ao coxo facendo cruces e círculos ao redor da parte enferma un determinado número de veces, sempre impar: 3, 5, 7 ou 9, e sempre en horas determinadas.

## 2.2. Crenzas relacionadas coas enfermidades dos animais.

Levan ao animal enfermo a unha ermita, ou santuario ou


capela e dan voltas co animal ao redor dela. Levan o gando á ermita de San Antón para que llo bendiga o cura o día da festa do santo, cortan as crins das colas dos animais e depositan sobre o altar do santo, collen terra de debaixo do altar do santo ou do seu sepulcro, e despois de metela nunha bolsiña, cólganlla ao pescozo do animal. Dánlle de comer herbas e pan bendito o día de San Blas, de San Xoan ou o día de San Antón. Levan o animal até un cruceiro,



**As nosas xentes, para curar os males do ouvido acoden a Santa Marta**

San Pedro Mártir, Sta. Marta





San Benitiño de Cova de Lobo. *Ourense Monumental*.

onde lle fan dar voltas a redor dil, crendo que por lei de contigüidade ou por contacto co sagrado ou o bendito, pasa a saúde ao animal enfermo.

### **2.3. Crenzas relacionadas cos males físicos.**

Para curar os males físicos empregan palabras dirixidas ao mal, como son “vaite de aquí”, “sal de aquí”, “deixa este corpo”, “márchate para outro lugar”.

O tangaraño, como deixamos dito, cúranos na encrucillada, ao pé dun cruceiro ou nunha ponte, cortando unha corda que agarra os pés dos nenos entangarañados. Visitan fontes santas como a de San

Vitorio da Mezquita, no concello de Allariz, levan ao enfermo a unha capela e fan que dea voltas ao redor dela.

A falta de apetito cúranos pasando ao neno baixo as andas de San Cristovo. Para curar as dores de cabeza métese no oco dunha peña no santuario de Santa Mariña de Augasantas ou no santuario da Virxe da Armada. Para curar os furunchos acoden a Santa Clara, para os males do ouvido a Santa Marta, a Santa Marina ou a Santa Xusta da Carballeira. Para curar os males da garganta recorren a San Blas e a Santa Margarita, levando herbas para que llas bendigan. Tamén comen o pan bendicido do día de San Blas. Para curar a febre dánlle

**Para expulsar as enfermidades dos nenos, lévanos a certos santuarios ou capelas, a fontes santas ou a penedos aos que normalmente se lles dá o nome de “penedos do angaraño”.**

ao enfermo fregas na barriga e na espalda e pónenlle emplastos de augardente na fronte.

Na noite do Nadal botan un tronco que chaman “Tizón de Nadal” ao lume. Dito tronco dura até o ano novo e despois quítano do lume, gárdano e emprégano ao longo do ano para quitar calenturas e febres.

### **2.4. Crenzas relacionadas coa curación dos males psíquicos.**

As nosas xentes pensan que os males psíquicos orixínanse porque algunha persoa lle deu a beber algo que tiña un poder maléfico ou capacidade para facer enfermar. Din que



*Sta. Mariña de Augasantas.  
Ourense Monumental.*

**Para curar as dores de cabeza métense no oco dunha peneda no santuario de Santa Mariña de Augasantas.**

Ile mesturaron uns polviños na auga ou no viño que normalmente bebe, ou que lle botaron mal de ollo, ou que é froito da posesión do demo. Para vérense libre destes males ocultos acoden a San Miguel, vencedor dos inimigos rebeldes e do demo, o seu capitán.

Para botar fora o mal psíquico fan cruces sobre a cabeza do enfermo cun allo ou cunha area de sal, queiman no lume

pelos da pata esquerda dunha cabra mesturados con leite de vaca. Fan lume e queiman ramas de piñeiro verdes, tres areas de sal, tres gotiñas de aceite, un puñado de azufre e ramos de laurel bendicidos.

**2.5. Crenzas relacionadas co bruxedo.**

Para se librar do bruxedo bendicen as persoas e meten pedazos de pan no peto, fan o

sinal da cruz, botan a camisa fora do pantalón, fan conxuros e empregan o sinal da cruz, o Agnus Dei e recitan xaculatorias.

**2.6. Crenzas relacionadas coa posesión do demo.**

Hai en Galiza a crenza de que o demo se mete no corpo das persoas e toma posesión delas. Para expulsalo acoden a exorcismos. Ao poseso, o cura

ponlle unha estola por riba da cabeza e recita múltiples oracións acompañadas do signo da cruz.

Tamén acoden á vila de Ribadavia o día de San Pedro Martir ou a Xunqueira de Ambía. Pasan baixo as andas do santo un determinado

número de veces en forma de cruz, tocan a imaxe do santo, pásanlle o pano, beben nas fontes santas, deixan en determinados santuarios un galo negro por crer que nese animal se mete o demo, deixando así libre ao poseso e quedando o espírito maléfico que o atenaza no galo.

Levan ao endemoniado a unha capela ou santuario famoso como o da Virxe do Corpiño en determinadas datas e cando o cura bendice ao povo, dánlle golpes ao poseso na espalda dicindo “bótao fora, bótao fora”, crendo que así escupe o espírito do mal. Empregan as cinsas dos maios

*Xunqueira de Ambía. Ourense Monumental.*



**Tamén acoden á vila de Xunqueira de Ambía o día de San Pedro Martir. Pasan baixo as andas do santo un determinado número de veces en forma de cruz, tocan a imaxe do santo, pásanlle o pano, beben nas fontes santas, deixan en determinados santuarios un galo negro por crer que nese animal se mete o demo, deixando así libre ao poseso e quedando o espírito maléfico que o atenaza no galo.**



Virxen dos Remedios. *Ourense Monumental*.

e o poder santificador das imaxes relixiosas e das reliquias, bendicen boinas e panos, tocan a imaxe de San Pedro Martir e despois tocan as súas cabezas, enchen botellas de auga das fontes santas para rociar as súas casas as cortes e os campos. Levan terra ás casas, pan bendito do día de San Blas, da Candelaria, de San Antón, de San Xoán ou de San Benito. Na noite de Venres Santo queiman leña verde diante do Santísimo ou diante do monumento e fan lume nas igrexas para alonxar os malos espíritos.

### **3. Crenzas relacionadas co tempo.**

Para os nosos paisanos, ás cero horas do día un de Xaneiro comeza a rexer o tempo que vai facer ao longo de todo o ano. O día un de Xaneiro é a sorte de todo o mes, o día dous indica a sorte do mes de Febreiro, o día tres a do mes de Marzo, o día catro a do mes de Abril. Se o día catro de Xaneiro chove é sinal dun Abril chuvioso. Para os trocos de tempo teñen en conta a conducta de certos animais, en especial a das pitas. Teñen chegado á con-

clusión de que determinados comportamentos destes animais van xunguidos á muda de tempo e por iso din: “Están as pitas moi xuntas, sinal de tempo trocado”.

Tamén din que o canto do moucho é sinal de mal tempo, isto é, de tempo chuvioso. O oubeo do lobo indica invernia. A tos do gato é sinal de chuvia. Cando se catan as pitas é porque presinten chuvia. A porta, cando fai ruído nos goznes ao pechala indica humidade no ambiente. Cando as persoas sinten dores nos osos din que vai chover,

que hai troco de tempo. Cando anoitece e andan os sapos polos camiños é outro sinal de chuvia.

### **3.2. Crenzas relacionadas coa chuvia.**

A chuvia é a sabia dos campos e por elo, nunha cultura campesiña e gandeira é un elemento indispensábel. Cando non chove ou chove pouco no verao fan procesións de rogativas cos santos, en especial con San Xulián e San Bartolomeu. En Ourense, para que chova levan a Santa Marta en procesión até unha fonte e alí enchen de auga o caldeiro que a santa leva colgado do brazo. En outros lugares levan a santa até a pedra da auga e póñena mirando cara o mar, pedindo auga. Tamén se leva ao San Bartolomeu até o río ou até un regato e alí lle fan un xuizo ritual, amenazándoo con tiralo á auga se non envía a chuvia. Isto, aínda hoxe se fai en Vilar de Vacas, parroquia do concello de Cartelle. Un dos filigreses sae fiador e defensor do santo para que non se mofen del.

Para pedir a chuvia tamén se troca unha tella do tellado de certas ermitas, capelas ou santuarios. A xente, en determinadas romerías, leva tellas á cabeza na procesión.

Na cidade de Ourense, lévase a Virxe de Reza en procesión até a catedral. Para quitar a Virxe en procesión desde o templo parroquial de Reza é preciso que o concello de Ourense lle pida ao cabildo da catedral permiso. Unha vez na catedral, fanlle un novenario imprecatorio da chuvia e despois que o cabildo remata de rezar as horas canónicas, rezan a salve en presenza da Virxe.

Na parroquia de Santa María de Oimbra, no val de Monterrei, sacan en procesión á Santa Ana desde a capela que está perto do povo de Chas, até a igrexa parroquial de Oimbra.

Na vila de Celanova, levan en procesión a Virxe da Encarnación até o convento. En Verín levan a Virxe desde o santuario dos Remedios até a igrexa parroquial de Santa María, ou até a igrexa do castelo de

Monterrei. Conser-vamos múltiples descrições desas procesións.

Tamén se levan algúns santos en procesión até un penedo que ten un oco cheo de auga e rocían ao santo con esa auga. Na parroquia de Deva, na provincia de Ourense, perto da fronteira con Portugal, cando van en procesión ao cruzar a ponte que salva o río a imaxe é baixada e levada até a beira e entón os veciños, como amotinados berran “bañalo, botalo á auga”, amenazándoo deste xeito para que faga chover.

**Na noite do Nadal botan un tronco que chaman “Tizón de Nadal” ao lume. Dito tronco dura até o ano novo e despois quítano do lume, gárdano e emprégano ao longo do ano para quitar calenturas e febres.**

Para que chova tamén se acode a Santa Xusta da Carballeira. Levan a imaxe en procesión até unha roca que ten un burato con auga e alí collen botellas dela e lavan a imaxe con ela, pedíndolle a chuvia.

### **3.3. Crenzas relacionadas coa petición do tempo soleado.**

Levan ao santo en procesión até a pedra do sol e póneno mirando ao nacemento do sol. Fan rogativas e procesións con determinados santos.

### **4. Crenzas relacionadas cos labores do campo.**

A xente da nosa terra tamén fai múltiples ritos relacionados coa sementeira, cos enxertos, co corte da leña, coas aradas e co estercado das fincas e das plantas.

#### **4.1. Crenzas relacionadas coas sementeiras.**

Pénsase que é mellor sementar en lúa vella ou cuarto men-

guante para que os froitos nazan mellor. Antes das sementeiras levan a bendicir ás ermitas e capelas os graos de trigo, millo e centeo que van empregar e pásanos pola efixie do santo. Din que non se pode cabar a horta con lúa nova. Se se sementa en lúa nova as plantas non terán máis que ramas. Din que é menester sementar en lúa vella ou en cuarto menguante, dado que nesta lúa nacen mellor as sementes. Os allos sementados en lúa nova ou en cuarto crecente botan poucos dentes. Todo canto medra debaixo da terra hai que sementalo en lúa vella. As patacas sementadas en lúa nova non botan máis que rama. A viña podada en lúa nova carga en rama e non en froito. Sementar e plantar ten que se facer sempre en lúa vella.

#### **4.2. Crenzas relacionadas cos enxertos, coa corta de leña e coa poda.**

Os enxertos téñense que facer en lúa nova ou en cuarto crecente. A poder ser o primeiro día de lúa nova. O enxerto tardará tantos anos en dar froito

como días de lúa teñan pasado. Para enxertar, a mellor semana é a do San Xosé. Quizais sexa por aquilo de que ao santo, sendo vello floreceulle a vara que figura nas súas efixies.

A madeira hai que cortala en lúa vella ou en cuarto menguante ou tamén ao decrecer a lúa para que non se pique e para que a carcoma non actúe de presa. A madeira cortada en lúa nova ou en cuarto crecente é de menor duración.

#### **4.3. Crenzas relacionadas co influxo da lúa.**

A xente do campo sostén que hai dúas clases de lúas. A lúa mala ou nova ou cuarto crecente e a lúa boa ou vella ou cuarto menguante. Chaman lúa boa ao cuarto menguante ou á lúa vella ou chea. Esta lúa din que é boa para todos os labores: para capar machos, para cortar leña, para matar os porcos, para cortar o pelo e tamén para parir as femias. Por elo sosteñen que ningunha femia dá a luz sen cuartear a lúa. Din que se matan o porco en lúa menguante



medra a carne no pote. Tamén din que os machos capados en lúa nova vólvense cabriteiros, que se se corta o pelo saen moitas canas, que se se mata o porco a carne échese de bichos, que os bois capados trócanse máis desexosos de femias e de aquí o dito “parece que andan saídos”.

#### **4.4. Crenzas relacionadas cos días da semana.**

Os paisanos pensan que hai días faustos, que traen boa sorte e infaustos, que traen desgracias. Os proxectos que se comezan en trece e en martes non saen ben. Hai no povo un dito: “ En Martes non te cases nen te embarques, nen teu pan cozas nen teu fillo nen túa filla cases, nen da túa casa te apartes. En Venres non urdas tea, nen teu pelo cortes (do contrario sairán canas)”. Non sementes en días que levan “R”. Din que non hai Sábado sen sol e que todos os Sábados do ano son boa lúa. As estrelas son orientadoras e boas mensaxeiras dos mariñeiros. Tampouco pagan os dezmos do gando en Luns nen en Venres porque pensan que se

o fan morren os animais que quedan na corte.

#### **4.5. Crenzas relacionadas coas aradas e co abonado.**

O esterco botado en lúa crecente enche os campos de herba. Se se ara en lúa crecente despois de chover enferma a terra por estar húmida. Din que a terra húmida hai que arala en lúa menguante e a terra seca en crecente.

#### **4.6. Crenzas relacionadas coa poda.**

As cepas débense podar en lúa menguante. Para podar, os nosos paisanos teñen en conta a lúa. A viña podada en lúa nova carga en rama e non dá froitos.

**“O tangaraño, como deixamos dito, cúrano na encrucillada, ao pé dun cruceiro ou nunha ponte, cortando unha corda que agarra os pés dos nenos entangarañados. Visitan fontes santas como a de San Vitorio da Mezquita, no concello de Allariz, levan ao enfermo a unha capela e fan que dea voltas ao redor dela.”**